



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal de un XEFE de BRIGADA para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2024

CONSIDERACIÓNS:

Visto o escrito de data 18/06/2024 (Rexistro de entrada neste concello 2024-E-RC-3022) no que o único candidato presentado ao posto de xefe de brigada D. Santiago López Liñares renuncia a continuar no proceso selectivo .

No apartado 8 das Bases que han de rexer para a provisión do citado posto de traballo establécese que no caso de que non se presentase ningún candidato ou con motivo das renuncias non se levaren a cabo as contratacións efectuarase unha nova convocatoria urxente.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO: Admitir a renuncia presentada por D. Santiago López Liñares (RE 2024-E-RC-3022) a continuar no proceso de selección.

SEGUNDO.- Efectuar, de conformidade co establecido no último parágrafo da base 8ª das que rexen o proceso selectivo, unha nova convocatoria urxente cun prazo de presentación de solicitudes ata as **23:59 horas do vindeiro mércores 26 de xuño de 2024** para que os interesados no posto de **xefe de brigada** que reúnan os requisitos esixidos na base 3 das que rexen a provisión (código de validación: 7Q4EWF369FJJ96254RLLHY62P) presenten a documentación necesaria para optar ao dito posto de traballo temporal.

TERCEIRO: As bases que rexen a selección de dito posto de xefe de brigada contra incendios forestais 2024 son as do 07 de maio de 2024, que foron publicadas na páxina web ese mesmo día co seguinte código de validación: 7Q4EWF369FJJ96254RLLHY62P

CUARTO: Publicar na páxina web do Concello a presente resolución para coñecemento e aos efectos oportunos.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

O ALCALDE,

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

O SECRETARIO,

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

